

FINAIS OLÍMPICAS DE AIRE COMPRIMIDO

Nas finais olímpicas das modalidades de Carabina Aire, Pistola Aire 60, Carabina 3x20x40 tendo en conta que as normas que rixen as finais están pensadas para brancos electrónicos cabe facer, sin que afecte o mais mínimo ás puntuacións, unhas pequenas adaptacións que faciliten o seguimento das finais con brancos de papel. Procederanse a cantar os disparos como sigue:

- Na 1ª fase de competición, en cada unha das dúas series de 5 disparos, en 300 segundos, cantaranse, una vez feito o quinto disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio.
- Na 2ª fase de competición os tiradores teñen 50 seg para efectuar cada disparo; permanecerán a espera das voces de “transporten brancos” e, unha vez realizado o disparo, de “traian brancos”, evitando desta forma distraer o resto de tiradores. Cantaranse, una vez feito o segundo disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio, coincidindo co anuncio do tirador eliminado.